

CIENCIAS SOCIAIS

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola mi Chiquipandi,

Como van esas liñas do tempo??? Seguro que todas están quedando chulísimas!!!

Esta semana imos dedicala a rematar as liñas do tempo e a repasar as características e acontecementos máis importantes de cada etapa. Aquí tedes unha imaxe de repaso.



A continuación déixovos dúas páxinas web para que investiguedes un pouco máis sobre as Idades da prehistoria e da historia.

a) Páxina web para repasar o tempo histórico: anos e séculos.

<https://materialescienciasociales.com/2017/02/11/la-historia/>

b) Páxina web con información e xogos para repasar todas as etapas da prehistoria e da historia.

http://www.polavide.es/rec_polavide0809/taller_historia/taller_historia.html

Unha vez rematada a investigación, podedes engadir as vosas liñas do tempo información nova que atopedes e que consideredes importante.

Ademais de rematar e repasar as liñas do tempo, esta semana propóñovos outra actividade para a materia de Ciencias Sociais.

Aproveitando a situación que estamos vivindo na actualidade debido á aparición dun virus mortal, e aproveitando que estamos estudando todas as etapas da historia, imos facer a seguinte actividade.

1. Buscar información sobre algunhas das pandemias máis mortíferas vividas ao longo da historia:
 - Peste Negra
 - Viruela
 - Gripe Española
 - VIH/Sida
2. Ler e informarnos sobre cada unha destas pandemias: cando sucedeu, onde comezou, a cantos países afectou, forma de contaxio, síntomas, causa da pandemia, número de vítimas...
3. Engadir o nome de cada pandemia a nosa liña do tempo, tendo en conta a etapa da historia na que sucedeu.

Aquí tedes varias páxinas web nas cales podedes atopar información sobre estas pandemias e sobre outras que azoutaron a humanidade. Tamén podedes buscar información noutras páxinas webs, vídeos en YouTube, libros, etc.

- a) <https://www.infobae.com/america/mundo/2020/03/18/de-la-peste-negra-al-coronavirus-cuales-fueron-las-pandemias-mas-letales-de-la-historia/>
- b) <https://www.france24.com/es/20200324-historia-pandemias-supervivencia-humanos>
- c) https://historia.nationalgeographic.com.es/a/grandes-pandemias-historia_15178/2
- d) <https://qpasa.com/actualidad/las-5-pandemias-mas-mortiferas-que-han-azotado-a-la-humanidad/>

Ánimo con este traballo de investigación!! Esta semana, ademais de historiadores e historiadoras, seredes científicos e científicas. Adiante valentes!! Seguro que atopades moita información interesante sobre estes virus letais.

Seguide traballando un pouquiño todos os días. Vós podedes con isto e máis!! Mándovos un bico enorme a vós e as vosas familias. Coidádevos moitísimo!!

Oxalá podamos abrazarnos moi pronto!! Quérovos un montón!!

Antía